

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de decembro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e oito minutos do día trinta de decembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. López Font, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular acctal. do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Riesgo Boluda, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2068).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(2069).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA PRODUCCIÓN DE CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2009. EXPTE. 2556/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 30.12.08, conformado pola xefa de fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente La Fiesta Escénica, S.L o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de Reis 2009. (expte 2556-335) por un 48.720 euros. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 22-10-2008 e a oferta presentada.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e nove minutos.
Como secretaria dou fe.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO ACCTAL.
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Carlos López Font..